

CONVOCATORIA:

CONCURSO DE ENXEÑO E ENTRETAMENTO MATEMÁTICO



SANTIAGO ANO 2000

Como xa sabedes a Unión Matemática Internacional proclamou o ano 2000 como ANO MUNDIAL DAS MATEMÁTICAS na declaración de Río de Janeiro de 1992. No ano 1997 a UNESCO acordou apoialo e patrocinalo. A esta conmemoración fóronse sumando distintas Institucións Públicas (Parlamentos, Universidades, ...).

Co gallo desta celebración presentamos este concurso que vai na liña dun dos obxectivos marcados na Declaración do 1992 que é a **de acadar unha maior presenza das Matemáticas no conxunto da Sociedade** e por tanto tratar de darlle un impulso ó seu ensino.

PROBA

- Consistirá en traballar en equipo 10 actividades, maioritariamente manipulativas, que abarcarán distintas ramas da Matemática impartida tanto nos distintos ciclos de Secundaria como nos Bacharelatos .
- Para superar estas actividades necesitarase utiliza-la intuición, exploración, planificación e reconto, decisión e revisión do camiño a seguir, utilización de coñecementos previos, deducción,....., recursos nos que se fundamenta o ser e o proceder das Matemáticas.
- A proba celebrarase o día 4 de maio, no casco vello da cidade (Obradoiro ou Quintana), de 10 a 12 horas.

BASES:

- Cada Centro de Ensino Secundario Público de Santiago e arredores que se inscriba presentará un equipo de 6 alumnos, dous de cada ciclo de Secundaria e dous de Bacharelatos (no caso de non ter Bacharelatos tres de cada ciclo de Secundaria, e no caso de non ter ESO repartiríanse os 6 entre os cursos que se imparten). Dous profesores do Centro acompañarán a cada equipo.

- O equipo terá a súa disposición unha mesa de traballo xunto co material necesario.
- Os profesores acompañantes de cada equipo permutaranse, facendo labores de control e recollida de resultados con outros equipos, polo que en cada mesa estarán dous profesores dun Instituto distinto do do equipo.
- Formarase unha comisión avaliadora de 5 profesores.
- En cada equipo un dos participantes actuará tamén como portavoz, sendo o único interlocutor válido cos profesores da mesa e cos da comisión.
- En cada mesa colocarse un panel informativo, ou similar, que constará de:
 - o Enunciado de cada actividade.
 - o Puntuación parcial e total da mesma
- O concurso terá unha duración de 2 horas exactamente.
- A puntuación e resolución da comisión avaliadora non será cuestionable.
- Calquer comportamento considerado inapropiado de calqueira dos compoñentes levará á descalificación do equipo participante.
- Para formar a comisión avaliadora e da-las instrucións pertinentes xuntarémonos todos ás 9 h., no lugar de celebración do concurso.

PREMIOS:

- O equipo gañador recibirá un premio en vales do Corte Inglés por valor de 60000 pts e un trofeo para o Centro.
- O segundo clasificado recibirá un premio en vales do Corte Inglés por valor de 42000 pts e trofeo.
- O terceiro un premio en vales do Corte Inglés por valor de 30000 pts e trofeo.
- Entregarase un diploma a tódolos participantes.

INSCRICIÓN:

- Os Centros participantes deberán cubrir a folla de inscrición, que se adxunta, e remitila o seguinte enderezo:


Xosé Lozano Alvariño

IES XELMIREZ-I R/ POZA DE BAR S/N 15705-SANTIAGO

- A data límite de inscrición será do 14 de abril de 2000.

Dada a magnífica oportunidade que se nos presenta para reivindicar, de tódalas maneiras posibles, un maior apoio para as Matemáticas (máis horas semanais de clases, máis medios,..) co fin de correxir o analfabetismo matemático cada vez máis enquistado na Sociedade pregamos ós compañeiros/as de Santiago e arredores seleccionen o equipo que represente ó seu Centro e dous deles o acompañen a concursar o día 4 de maio.

A COMISIÓN ORGANIZADORA



Comité Galego
Ano Mundial das
Matemáticas

ENTIDADES COLABORADORAS:



Facultade de Matemáticas
Vicerrectorado de Extensión Cultural



Dirección Xeral de Ordenación Educativa
e Formación Profesional

FOLLA DE INSCRICIÓN

Enderezo completo do Centro.....
Teléfono de contacto.....

Nomes dos profesores/as acompañantes:

- 1.-
 - 2.-
-
-

Nome dos alumnos/as:

- | | |
|-------------------------------|---------------------|
| 1º ciclo da ESO
ou similar | 1.-..... Curso..... |
| | 2.-.....Curso..... |
| 2º ciclo da ESO
ou similar | 1.-.....Curso..... |
| | 2.-.....Curso..... |
| Bacharelatos
ou similar | 1.-.....Curso..... |
| | 2.-.....Curso..... |
-
-

D/Dona.....Director/a do Centro
.....de.....

autorizo a participar ao citado equipo no CONCURSO DE ENXEÑO E
ENTRETEMENTO MATEMÁTICO INTERCENTROS SANTIAGO 2000
organizado con motivo do ANO MUNDIAL DAS MATEMÁTICAS e certifico que
o curso ó que pertencen os alumnos é o correcto nos 6 casos.
.....a.....dede 2000.

O Director/a

Os Profesores/as
acompañantes

O alumno/a portavoz